

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2024/13	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Aprobación de proxecto de obra denominado “Saneamento en Entenza”.»
Data	21 de novembro de 2024
Duración	Desde as 9:30 ata as 9:57 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretario	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
***1448**	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
***7680**	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
***9999**	Iván Lorenzo Rodríguez	SÍ
***6142**	Joaquín Núñez Troncoso	NON
***0765**	Jorge Gregorio Vaqueiro	SÍ
***9888**	José Luis Fernández Pérez	SÍ
***7807**	Marcos Troncoso Estévez	SÍ
***0936**	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
***1083**	Salustiano Guerra García	SÍ
***0678**	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
***7194**	Saúl Olmo Vaqueiro	SÍ



***7850**	Selene González Luis	SÍ
***0126**	Vanessa Rocha Núñez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Sra. Alcaldesa: Convocouse este pleno extraordinario por unha cuestión de prazos, como xa se explico una Comisión, para chegar en tempo e forma a solicitude de esa subvención que remata maña venres día 22.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Expediente 2389/2024. Aprobación de proxecto de obra denominado “Saneamento en Entenza”

Sr. Troncoso Estévez: Traemos a aprobación do proxecto de obra denominado “Saneamento de Entenza”, creo que é un proxecto que todos e todas agardabamos e que raíz desta publicación da Deputación de Pontevedra no que se mobilizaban 35.000.000€ para o Plan Provincia Extraordinaria no que ao Concello de Salceda de Caselas lle poderían corresponder, polo número de habitantes, ata uns 700.000€ para o 80% do custe deste proxecto, dos que se consideran estratéxicos e que o 20% o debería sufragar o Concello uns 175.000€ co cal teríamos unha cantidade total de 875.000€, unha cantidade importante para dedicala a un proxecto, que neste caso xa o dixemos en varios plenos que esta sería a lexislatura do saneamento. Estamos traballando en diferentes proxectos e creemos que esta é a oportunidade de poder executar este proxecto de saneamento para Entenza.

Dende que se publicaron as bases do Plan Extra o 22 de outubro temos un mes, período que consideramos un pouco escaso para un proxecto desta envergadura. É certo que xa tiñamos os deberes bastantes adiantados e podemos chegar en tempo e forma a presentar este proxecto. Entrou por rexistro o 11 de novembro, é certo que onte, polo grupo de portavoces, se vos informou que hai unha última versión, o proxecto segue sendo practicamente o mesmo pero con uns pequenas modificación a raíz dunhas puntualización que se fixeron na Comisión e aproveitando, o equipo redactor tamén considerou incluír tres anexos que lle deran un pouquiño de corpo ao proxecto e de cara a puntuación poder melloralas. Este proxecto foi redactado pola empresa INGENIA empresa que xa traballara previamente neste saneamento de Entenza, xa había un proxecto previo, que parte do 2013 no que a empresa Augas de Galicia encarga a redacción empresa EGIS-EYSER para este saneamento que non chega a executarse e o ano pasado en decembro do 2023 o Concello encarga a través do Consorcio Augas do Louro a empresa URBIN a actualización do saneamento de Entenza e o que se quixo facer neste proxecto é separalo por diferentes tramos e



unha valoración económica de cada un dos tramos para presentalo, neste caso, á Confederación Hidrográfica para intentar buscar financiación por parte de este Ente que así nolo fixo trasladar, o presentamos en Confederación e ata o día de hoxe non temos resposta pero creemos que pode haber posibilidades noutro tipo de saneamento. Tiñamos os deberes bastante adiantados e unha vez que saíu esta convocatoria en tempo récord de 20 días a empresa INXENIA conseguiu executar esta redacción do proxecto cun novo traballo de campo, con adaptacións as exixencias que nos fixeron dende a Confederación, pois no último proxecto que presentamos nos indicou algún aspecto puntual técnico que deberíamos mellorar, se fixeron esas rectificacións e obviamente tamén hai que pedir os novos permisos sectoriais a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a Patrimonio e a Deputación e así se fixeron.

O proxecto consta dunha primeira fase de saneamento na parroquia de Entenza, é unha fase moi ambiciosa que se está dando servizo a un alto porcentaxe de vivenda da parroquia en concreto hai 115 acometidas que se engancha no aliviadoiro de Arantei e se distribúe polos barrios de A Rotea, O Barreiro, Carrilla, O Castelo, O Cruceiro, A Feira, A Igrexa e O Pazo ao final o que é o núcleo poboacional do centro de Entenza quedaría case totalmente saneado, nunha lonxitude de case 4 km de redes colectores, 12 tramos e hai parcelas privadas que xa se teñen a cesión dos terreos. O prazo de execución son seis meses, o orzamento base de licitación é de 856.850,01€ IVE incluído e os honorarios ascendeN a 18.149,99€ o que suman un total 875.000€. É un proxecto que nace a criterio técnico no que se busca un maior ratio de número de habitantes por superficie. Para concluír, como dicía, é unha fase inicial, haberá que seguir ampliando a rede de saneamento pero se lle da unha atacada moi importante ao saneamento e seguro que os veciños quedaran moi contentos. Agradecer ao equipo técnico municipal e á empresa redactora porque nun tempo récord conseguimos realizar ese proxecto dunha envergadura bastante importante e agardamos que dende a Deputación se valore como hai que valorar este tipo de proxectos, que son proxectos prioritarios, proxectos de servizos básicos e esperemos que non se quede fora.

Sra. Rocha Núñez: Manifestar o que xa manifestei na Comisión e así nos lo trasladastes no día de onte, que houbo modificacións no proxecto, e vemos o anexo 13, 14 e 15 pero vemos que segue igualmente na páxina 106 a estar o mapa do ano 2013 e na páxina 139 exactamente o igual e tamén para os vindeiros plenos os planos que se adxunten en formato pdf, a poder ser, este veñen en formato DVG e BC3 e non podemos visualizalos. Igualmente, como xa o manifestei na Comisión, unha vez que se aprobe a subvención que esperamos que así sexa, tras o transcurso da licitación e incluso da obra poder realizar as modificacións que xa manifestei na Comisión, xa que estivemos estudiando os tramos e se podería pasar de 115 a 126 os usuarios que se poderían enganchar nesta primeira fase de Entenza, si se elimina o tramo "J" dándolle acceso pola Rotea polo tramo "G", si eliminamos isto son moitos metros. Tamén estivemos vendo a posibilidade no tramo "A", unha vez finalizada a casa de Barros ata o aliviadoiro de Arantei, anular ese tramo e ampliálo polo Cruceiro, co que lle daríamos servizo a 8 vivendas máis, aumentamos o tramo "C" e



seguimos pola casa de José Manuel, M^a del Mar, Elena, Andrés, Demetrio todo ese recorrido de casas e daríámoslle a PR26 o acceso arredor do Caselas, habería que ver si é viable pero conste en acta que si é posible daríámoslle mais servizos a mais usuarios. O tramo da casa do Olegario que é un tramo de menos de 50 metros vai quedar fora, e outras como no tramo “L” si se lle da acceso ten 80 m. de distancia.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Como todos sabemos é un proxecto incompleto, faltan zonas como a zona dende a Basquida ata a parte de abaixo do Castelo, como a zona dos Muíños - Outeiro. En canto ás corrección no tramo “J”, en vez de viralo para aí empezalo dende arriba cara Aldegode logo probablemente sería mais fácil para enganchar a zona de abaixo o “Cruce das Cabirtas” que aí hai bastantes casas. Evidentemente é un inicio, si xa empezamos con isto xa é un gran avance, quedarían os núcleos de poboación da estrada que vai a Caldelas e logo os núcleos de abaiccxo, Carboeiros, Muiños quedan aínda para unha posterior fase. Remítome ao xa dito en Comisión, é un inicio, o importante é empezar e logo que se poidan ir facendo correccións cando se vaia facendo a obra, creo que todo inicio é positivo.

Sr. Guerra García: Obras como estas é un pracer discutilas, é unha mágoa que a Deputación impuxera un prazo tan curto para presentar proxectos para eses investimentos, un mes, imaxinamos que moitos Concellos que poderían optar se quedarán fora, non sei si era iso o que se pretendía ao dar uns prazos tan curtos para optar a uns investimentos extraordinarios, en calquera caso, benvido o proxecto primeiro porque estamos falando dunha das parroquias peor tratadas en materia de saneamento, xa todas están mal pero hai dúas que levan o premio nese sentido unha delas Entenza e de haber mais prazo seguro o proxecto técnico estaría mellor perfilado non estaríamos aquí escoitando propostas ou correccións porque estaría mellor feito, en todo caso, alegrarnos de que se den pasos neste sentido porque sempre dixemos que o saneamento é unha cuestión de saúde pública e necesitamos preocuparnos moito para melloralo.

Sr. Troncoso Estévez: En canto as aclaracións que facía Vanessa, en canto aos erros que comentabas dos mapas, os mapas son do 2013 porque parten dese proxecto previo que había no 2013 e en canto ao estudio xeotécnico, se aproveitou ese traballo previo por iso hai algún mapa que figura con 2013. En canto aos tramos que se poderían mellorar falabas do tramo “J” porque non baixa cara ao tramo “F” e non cara ao tramo “G” é porque, como dicía Xurxo, no estudio que fixemos con URBIN fai un ano o proxecto era máis extenso, collía ata o barrio de Muíño ata a Basquida, un dos tramos saían dende o Castelo baixo e enganchara co tramo “J” por iso o tramo “J” deriva cara a esquerda precisamente porque así xa queda o tramo “F” feito para a seguinte fase que veña de arriba e que poida enganchar con el. Unha vez que se cometa a obra si nas melloras se pode incluír algún ramal mais por suposto que se estudiará e todo o que sexa mellorar e enganchar cantas mais casas mellor e así será.

Sra. Rodríguez Davila: Hoxe é un día para estar todos contentos e polo tanto vamos a votar favorablemente a este proxecto de saneamento dunha parte da parroquia de



Entenza como se dixo hoxe aquí. Tanto na Comisión como tamén hoxe aquí no pleno a compañeira Vanessa despois de ler o proxecto, o cal lle agradezo e se ve que o estudiou e sabe do que está a falar, fixemos unha serie de propostas para mellorar este proxecto, o que acaba de dicir o Concelleiro dese tramo perfectamente se pode eliminar ese tramo “J” e traelo e ampliálo ata onde acabas de dicir e verter directamente ao tramo “C” creo que son propostas sensatas, coherentes que mellorarían moito o proxecto, que non suporían incremento e no caso de que supuxera incremento perfectamente se pode acompañar co Plan Máis Provincia do ano que ven o posible incremento que poida ter este proxecto, polo tanto, sería unha irresponsabilidade non recoller eses tramos que se propoñen e eliminar os tramos que dicimos. Insisto, son propostas sensatas, coherentes e insistiremos nelas porque hai metros e metros de colectores que non lle dan servizo a ningunha vivenda que se poden reconducir por onde si hai vivendas e polo tanto, como dixo a compañeira Vanessa, pasaríamos de 115 a máis cento vinte e pico de vivendas con servizo si se quere, si se quere é posible, nós queremos e seguro que os veciños tamén van a querer e apoiar estas modificacións a parte das que como se dixo hoxe aquí poida facer calquera outro grupo ou calquera colectivo da parroquia ou calquera veciño.

En canto aos tempos eu lin un nota de prensa de que o Goberno estaba mellorando os proxectos existentes, o certo é que toda a documentación que se presenta hoxe aquí está asinada no último mes, polo tanto do dito ao feito hai un treito como se sole dicir. Se dixo hoxe aquí que os proxectos estaban feitos, o certo é que onte pola tarde se nos presentou documentación modificando algo do proxecto. O importante é que a Deputación sacou un plan extraordinario de 35.000.000€ que temos a oportunidade e esperemos que así sexa e eu creo que hai moitas posibilidades que se nos conceda esta subvención desta contía de recursos públicos para facer este tramo de saneamento e polo tanto, é un día para estar contentos e esperemos e desexemos que proximamente haxa boas noticias e poidamos falar xa de licitar e mellorar o proxecto de saneamento dunha parte da parroquia de Entenza que como se ten dito é necesario seguir avanzando, investindo e mellorando o servizo básico como é o saneamento das nosas parroquias.

Sr. Gregorio Vaqueiro: É un inicio, si que hai cousas que se poderían corrixir e dar servizo a máis casas, habería que velo con mais calma, entendo que a premura por presentar o proxecto a tempo tamén non deu tempo a que estea como debería estar, pero é un comezo importante polo tanto o noso voto vai ser favorable.

Sr. Troncoso Estévez: É certo que había un proxecto inicial e que este non é a totalidade deate proxecto e efectivamente, nese primeiro proxecto que había se propoñía o enganche no colector “PR26” para recoller todas esas de casas de Cotello que baixa a continuación do tramo “C” e dende Confederación nos dixeron que o enganche ten que ser dende o aliviadoiro de Arantei que para iso están os aliviadoiros para facer o enganche, que de todas formas si recollíamos as casas de abaixo e enganchabámolas no aliviadoiro había que facer un bombeo e



dispararíamos os custes, por iso os criterios técnicos e nos amparamos nos criterios técnicos, non vou ser eu quen lle diga a un enxeñeiro cales son os tramos que cumpren eses ratios e ao final foi a solución mais viable que encontraron. É certo que algunhas casas se quedan fora, que uns barrios se quedan fora, pero estamos falando de que é unha fase inicial que arranca e que de executarse estaríamos solucionando a maior parte do problema de saneamento de Entenza. Creo que é un proxecto para alegrarse mais que para buscarlle defectos de todas formas todo o que se poida mellorar unha vez a que estamos en obra pois benvido sexa por suposto.

Sra. Alcaldesa: Quero felicitar ao Concelleiro xunto coa empresa INXENIA e o equipo técnico do Concello o traballo arduo nestes días, foron escasos os prazos. Quero aportar datos que creo que son moi importantes en canto ao saneamento deficitario das parroquias de Entenza e Soutelo e do resto de parroquias que falaba o compañeiro Tano agora mesmo, Salceda ten aproximadamente 4.500 vivendas das cales 3.750 están saneadas, un 75 % do territorio pero imos coincidir que mentres a situación destas dúas parroquias sexa esa e falten barrios por sanear no resto das parroquias o noso obxectivo non está cumprido pero creo que é importante que a xente coñeza os datos.

En canto ao que dixo a compañeira Vanessa xa o dixo Marcos, as aportacións son todas benvidas, estudaríanse por suposto pero tamén non debemos enganar a veciñanza e xogar a ser técnicos ou enxeñeiros de camiños, nós non o somos, non temos eses coñecementos, son respectables as aportación como dicía, se terán en conta e se estudarán.

En canto á cronoloxía eu creo que foi un factor clave na elaboración deste proxecto, comentáballes o outro día aos compañeiros e compañeiras na Comisión que os prazos foron os seguintes: 10 de outubro Pleno da Deputación aprobación bases Plan Extra, 22 de outubro publicación das bases, un mes para a presentación dos proxectos, o 11 de novembro presentouse catorce días despois por parte da enxeñeira o proxecto en rexistro, houbo que elaborar un expediente ademais dos informes; o 18 realizouse a Comisión, hoxe o pleno e maña remata a subvención, decídeme si é posible un proxecto de esta magnitude si os deberes non están feitos, como dicía o compañeiro Santi Rodríguez Davila, de feito partíamos dun proxecto orixinal do 2013 sumado a un estudo que este goberno fixo en decembro do 2023 da parroquia de Entenza, os custes económicos mais a tramitación para ir asumindo os tramos en función da financiación que puideramos ter, todo iso mesturado, traballo de campo e modificacións necesarias, novas exixencias de Confederación Hidrográfica, reunións en Deputación, xestións cos técnicos da Deputación, crédeme que foi en tempo récord. Agradezo o traballo de todos e todas e agardo sobre todo polos veciños de Entenza, de que a terceira vai a vencida. No 2009 se cae o proxecto de Soutelo e Entenza porque hai cambio de goberno no Goberno Central, no 2013 faise a separata priorízase Entenza, volve a caerse porque Augas de Galicia da Xunta non ten a ben apostar, 2024 teño toda a fe posta na Deputación e como dixo o compañeiro Santiago Rodríguez estamos seguros que este proxecto ben merece a



aprobación por parte da subvención para o saneamento de Entenza por parte da Deputación creo que vai ser así e seguro que por este pleno non vai quedar. Paso a dar lectura a proposta seguinte:

“Visto o proxecto de obras denominado Saneamento en Entenza”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Rebeca Ferreiro Núñez, asinado en data 11.11.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 856.850,01€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 148.709,51€ e o presuposto sen IVE a 708.140,50€.

Visto o informe de supervisión do proxecto núm. 2024-0230 emitido ao abeiro do disposto no artigo 235 da LCSP.

Visto o informe de Secretaría núm. 2024-0034 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 o) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. *Aprobar o proxecto de obras denominado “Saneamento en Entenza”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Rebeca Ferreiro Núñez, asinado en data 11.11.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 856.850,01€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 148.709,51€ e o presuposto sen IVE a 708.140,50€, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

SEGUNDO. *Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”*

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos ONCE membros presentes nesta sesión, adoptando o seguinte

ACORDO:



PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Saneamento en Entenza”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Rebeca Ferreiro Núñez, asinado en data 11.11.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 856.850,01€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 148.709,51€ e o presuposto sen IVE a 708.140,50€, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

